

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

**1459, abril, 10**

**D61**

*Xoán do Souto, veciño de Bentraces, demanda a Donouro, viúva de David, unha prenda de 40 reais de prata que lle tiña empeñada por unha débeda do seu pai. (fol. 24)*

Joan de Souto.

Et despoys desto, enna dita çidade, des dias do dito mes, enna Praça do Campo, audiença da terça, ante os ditos Gomes de Mugares (- - -) presentou ante elles Joan do Souto de Ventrases e presentou hun testemoyo por /el\ tomado contra David, que lle entregase huna prenda de prata /que\ por seu padre lle enpenara por çertos mrs. que diso que pesava XL rayaas de prata, et o dito David respondera que lle dese praseo et que lle daria sua prenda, que era verdade que a tina del, et por ende que pedia aos ditos alcaides que lle mandasen dar sua prenda et que lle pagaria seus mrs. Diso a dita Donouro judia, sua moller, que fora que de(l)\* tal prenda que a non sabya et que veeria o testamento do dito seu marido. Et os ditos alcaides diseron que mandavan ao dito Joan do Souto que doje a terceiro dia presentase ante elles o dito testamento do dito seu padre et a dita Donouro o testamento do dito seu marido para o elles veeren e averen seu acordo e libraren o que acharen por dereito. Tests. Loys Garçia, mestre Antonio, Lopo de Chorente, Joan Fernandes clerigo.